



ACTA

Expediente núm.:	Órgano Colexiado:
PLE/2020/2	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	
Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	31 de xaneiro de 2020
Duración	Desde as 20:00 ata as 23:45 horas
Lugar	SALÓN DE PLENOS
Presidida por	XOSE MANUEL PAZOS VARELA
Secretario	ELEUTERIO PENA LAMAS

ASISTENCIA Á SESIÓN		
DNI	Nome e Apelidos	Asiste
***0424**	AURORA PRIETO GAGO	SÍ
***7616**	EUGENIO GONZALEZ FERNANDEZ	SÍ
***9424**	FRANCISCO SOLIÑO SOLIÑO	SÍ
***1344**	HUGO FANDIÑO ALBERTE	SÍ
****0228*	INGRID MIHAELA LOREDANA OPREA	SÍ
***3896**	IRIA VILLAR RODAL	SÍ
***8548**	JOSE É SOTELO VILLAR	SI
***1907**	LAURA VERDE CURRA	SÍ
***0756**	LOURDES RIAL PARDO	SÍ
***3512**	MARIA DOLORES HERMELO PIÑEIRO	SÍ
***3018**	MARIANO ABALO COSTA	SÍ
***8304**	MARÍA VICTORIA PORTAS MARIÑO	SÍ





***1129**	76811297Z	MERCEDES GIRALDEZ SANTOS	SÍ
***3449**	78734493L	PÍO MILLÁN BLANCO	SÍ
***1859**	53118594W	RAFAEL JIMÉNEZ FERNÁNDEZ	SÍ
***3514**	78735144A	RAFAEL SOLIÑO COSTAS	SÍ
***3439**	78734398Q	ROSA MARY DE LA CAMPA PORTELA	SÍ
***4161**	73241615R	SAGRARIO MARTÍNEZ FERRARI	SÍ
***3926**	78739263M	TOMÁS HERMELO ÁLVAREZ	SÍ
***2819**	76328194A	XOSE MANUEL PAZOS VARELA	SÍ
***3661**	78736615W	ÁNGELA VIZOSO MARCOS	SÍ

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.

A) PARTE RESOLUTIVA

Aprobación das actas das sesións anteriores realizadas en datas 26 de novembro e 20 de decembro de 2019 e 20 de xaneiro de 2020

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

O Concello Pleno, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar os borradores das actas do Concello Pleno, realizadas en datas 26 de novembro e 20 de decembro de 2019 e 20 de xaneiro de 2020.

Intervencións:

Sr. Millán Blanco: comenta que na acta do 20 de xaneiro de 2020 xa estaba Francisco Soliño Soliño presente na votación.

Sra. Verde Curra: comenta que non estaba nesa sesión.

Sr. secretario: comenta que se revisará e se é o caso se modificaría.

Expediente 4790/2019. Proposta da alcaldía s/desestimación de alegacións e aprobación definitiva da Ordenanza do ciclo integral da auga

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria
A favor: 14, En contra: 0, Abstencións: 7, Ausentes: 0





Dase conta de proposta da alcaldía de data 22.01.2020, referente a desestimación de alegacións e aprobación definitiva da Ordenanza do ciclo integral da auga, que é como segue:

"ORDENANZA PRESTACIÓN PATRIMONIAL DE CARACTER PÚBLICO NON TRIBUTARIO CICLO DA AUGA

PROPOSTA DA ALCALDÍA

Visto o acordo plenario de data 27 de setembro de 2019, polo que se acordaba a aprobación inicial da ORDENANZA REGULADORA DA PRESTACIÓN PATRIMONIAL DE CARÁCTER PÚBLICO NON TRIBUTARIA POLOS SERVIZOS VINCULADOS AO CICLO INTEGRAL DA AUGA DO CONCELLO DE CANGAS.

Visto que durante o período de alegacións (12 de outubro ao 25 de novembro de 2019) e de conformidade co certificado de secretaría de data 11 de decembro de 2019, a entidade 'UTE GESTIÓN CANGAS', presentou alegacións en data 22 de novembro de 2019, documento que consta no expediente e polo que se solicita:

'Que por presentado este escrito se sirva admitirlo y teniendo por formuladas las alegaciones que en el mismo se contienen a todos los efectos legales y en particular a los derivados de lo dispuesto en los artículo 49 y 70 de la LBRL, los preceptos de la Ley 29/2015, aplicables en relación con la aprobación de las ordenanzas y el artículo 17 del T.R.L.R.H.L, proceda a la declaración de la nulidad de la 'ORDENANZA REGULADORA DA PRESTACIÓN PATRIMONIAL DE CARÁCTER PÚBLICO NON TRIBUTARIA POLOS SERVIZOS VINCULADOS AO CICLO INTEGRAL DA AUGA DO CONCELLO DE CANGAS', aprobada en el acuerdo plenario de 27.09.2019, por carecer de la memoria y justificación presupuestaria de los gastos y costes, requisito esencial para su validez'.

Vista a aprobación das tarifas mediante de Resolución de data 27 de decembro de 2019 por parte da Comisión de Prezos de Galicia.

Tendo en conta os informes de secretaría de data 22 de xaneiro de 2020, que consta no expediente (informe 2020-003) no que se sinala o seguinte:

'A modo de conclusión, a aplicación do trámite de consulta previa na tramitación dunha prestación patrimonial de carácter público non tributario resulta ser, tal e como se pon de manifesto ao longo do presente informe, unha cuestión altamente controvertida tanto na súa esixencia coma nos efectos xurídicos derivados da súa ausencia.

Dada esta indefinición doctrinal, entendendo aplicable o principio de validez 'iuris tantum' dos actos administrativos, o principio de conservación destes e a validez outorgada pola Comisión de Prezos de Galicia, considero que procede desestimar as alegacións presentadas no tocante á ausencia de consulta previa no expediente'.

Visto o informe de intervención de data 22 de xaneiro de 2020 (informe 2020-008), no que se sinala:

'Para os efectos de dar resposta ás alegacións presentadas, esta intervención considera adecuado transcribir as consideracións da consulta vinculante da Dirección Xeral de Tributos do 9 de maio de 2019, nº V1024-19, na que se presenta: 'Si tras la modificación introducida por la Ley 9/2017, la tarifa satisfecha por los usuarios tiene la naturaleza jurídica de tasa o de prestación patrimonial de carácter público no tributario. En el caso de que no se considere





tasa, si el Ayuntamiento debe realizar algún tipo de trámite para adecuar el concepto de tasa anterior al nuevo concepto'. En concreto, e por entender que dá resposta á alegación presentada, transcribese a conclusión á que chega a Dirección Xeral de Tributos:

'En consecuencia, si la normativa reguladora de la contraprestación a la que se refiere la consulta no está adaptada correctamente a la normativa dimanante de la configuración legal de las prestaciones patrimoniales de carácter público no tributario, deberán adoptarse las modificaciones normativas necesarias para dar cobertura jurídica a su exigencia conforme a derecho.

Efectivamente, dado que la contraprestación económica ya no tiene carácter de tasa sino de prestación patrimonial de carácter público no tributario, es necesario adaptar la normativa local a la nueva realidad jurídica establecida por la modificación introducida por la Ley 9/2017 y aprobar la correspondiente ordenanza reguladora de la prestación patrimonial de carácter público no tributario, que ya no tendrá el carácter de ordenanza fiscal.

En cuanto al importe de las prestaciones patrimoniales de carácter público no tributario, cabe señalar que, para las tasas, el artículo 24.2 del TRLRHL establece:

'2. En general y con arreglo a lo previsto en el párrafo siguiente, el importe de las tasas por la prestación de un servicio o por la realización de una actividad no podrá exceder, en su conjunto, del coste real o previsible del servicio o actividad de que se trate o, en su defecto, del valor de la prestación recibida.

Para la determinación de dicho importe se tomarán en consideración los costes directos e indirecto, inclusive los de carácter nanciero, amortización del inmovilizado y, en su caso, los necesarios para garantizar el mantenimiento y el desarrollo razonable del servicio o actividad por cuya prestación o realización se exige la tasa, todo ello, con independencia del presupuesto o del organismo que lo satisfaga. El mantenimiento y desarrollo razonable del servicio o actividad de que se trate se calculará con arreglo al presupuesto y proyecto aprobados por el órgano competente.

Esta limitación legal para la fijación del importe de las tasas no está prevista para la determinación del importe de las prestaciones patrimoniales de carácter público no tributario, por lo que el importe de las mismas no tiene el límite del coste del servicio.

Ahora bien, estas prestaciones tienen unos precios intervenidos, cuya determinación corresponde a las Comisiones Autonómicas de Precios. A estos efectos, el último inciso del artículo 20.6 del TRLRHL establece que: 'Durante el procedimiento de aprobación de dicha ordenanza las entidades locales solicitarán informe preceptivo de aquellas Administraciones Públicas a las que el ordenamiento jurídico les atribuyera alguna facultad de intervención sobre las mismas'. Por lo que, el importe de las prestaciones patrimoniales de carácter público no tributario no se determina libremente por la entidad prestadora del servicio, sino que está sometido a un control administrativo.

Lo que comunico a Vd. con efectos vinculantes, conforme a lo dispuesto en el apartado 1 del artículo 89 de la Ley 58/2003, de 17 de diciembre, General Tributaria'.

CONCLUSIONES:

En vista dos fundamentos expostos, esta intervención entiende que procede desestimar as alegacións efectuadas'.





Tendo en conta o sinalado anteriormente, de conformidade co disposto nos artigos 22.2.d) e 49 da Lei 7/85 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, proponho ó Pleno a adopción do seguinte:

ACORDO

PRIMEIRO.- Desestimar as alegacións presentadas pola 'UTE GESTIÓN CANGAS', en relación co expediente de aprobación da ORDENANZA REGULADORA DA PRESTACIÓN PATRIMONIAL DE CARÁCTER PÚBLICO NON TRIBUTARIA POLOS SERVIZOS VINCULADOS AO CICLO INTEGRAL DA AUGA DO CONCELLO DE CANGAS, polos motivos expostos nos informes anteriormente citados de secretaría e intervención, dos que se remitirá copia ao alegante, xunto coa notificación do presente acordo.

SEGUNDO.- Aprobar expresamente, con carácter definitivo, a ORDENANZA REGULADORA DA PRESTACIÓN PATRIMONIAL DE CARÁCTER PÚBLICO NON TRIBUTARIA POLOS SERVIZOS VINCULADOS AO CICLO INTEGRAL DA AUGA DO CONCELLO DE CANGAS, nos termos en que figura no expediente.

TERCEIRO.- Publicar este acordo definitivo, co texto íntegro da ordenanza, no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios do Concello, entrando en vigor segundo o previsto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local".

Dase conta, así mesmo, do informe favorable emitido ao respecto pola Comisión Informativa Única en data 27.01.2020.

Intervencións:

Sr. Abalo Costa: expón a proposta.

Sra. Vizoso Marcos: comenta que aprobarán a proposta resoltas as dudas na comisión informativa e vistos os informes existentes no expediente.

Sra. Giráldez Santos: comenta que tamén apoiarán a proposta con base nos informes.

Sr. Millán Blanco: expón que posteriormente haberá a conseguinte demanda como en casos anteriores e dados os acercamentos a empresa o seu sería consensuar unha ordenanza fiscal coa empresa. En segundo lugar expón que no pleno de setembro solicitaron que se trasladara o contrato polo que se fixeron os informes técnicos da ordenanza. No tocante aos prazos comenta que non entende o retraso na remisión de prezos de Galicia, xa que ata o ano 2021 non pode entrar en vigor e comenta que descoñece porque non se fixo o procedemento de consulta previa e por iso non entrarán en votación.

Sr. Abalo Costa: pregunta se o Sr. Millán Blanco fala en nome da UTE.

Sr. Millán Blanco: solicita a rectificación do Sr. Abalo Costa e comenta que defende os intereses do Concello, non coma outros aos que lle da igual as sentenzas condenatorias de un millón de euros.

Sr. Abalo Costa: comenta que non foi el quen asinou o contrato da auga.





VOTACIÓN E ACORDO

Votos a favor: 14 (4 dos concelleiros/concelleiras de ACE, 4 dos concelleiros/concelleiras do PSOE, 3 dos concelleiros/concelleiras do BNG e 3 dos concelleiros/concelleiras de AVANTE).

Abstencións: 6 (dos concelleiros/concelleiras do PP).

Polo tanto, o Concello Pleno, por maioría dos seus membros presentes, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente.

Expediente 156/2020. Proposta da alcaldía s/recoñecemento extraxudicial de créditos 1/2020

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 8, En contra: 7, Abstencións: 6, Ausentes: 0

Dase conta da proposta da alcaldía de data 22.01.2020, referente ó recoñecemento extraxudicial de créditos 1/2020, que é como segue:

"PROPOSTA DE ALCALDÍA DE APROBACIÓN DO EXPEDIENTE Nº 1/2020 DERECONECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS

Resultando preciso recoñecer obrigas pendentes de aplicar ao orzamento cando está constatada a efectiva realización das prestacións por parte dos terceiros, así como, o devengo dos diferentes gastos e constan no expediente as facturas e documentos xustificativos acreditativos de cada un dos gastos debidamente conformadas polos responsables dos distintos órganos xestores do gasto.

Considerando que o artigo 60.2 do Real decreto 500/1990, de 20 de abril, establece:

‘Corresponderá ao Pleno da entidade o recoñecemento extraxudicial de créditos, sempre que non exista dotación orzamentaria...’

Visto o informe do interventor municipal, coa correspondente nota de reparo.

Considerando que o artigo 217.2 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (Rdl 2/2004, de 5 de marzo) atribúe ao Pleno da entidade a resolución dos reparos formulados pola intervención municipal cando é por insuficiencia ou inadecuación de crédito.

En atención ao exposto, PROPOÑO ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte:

ACORDO

** Aprobar o expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos nº 1/2020, correspondentes a exercicios anteriores que se relacionan no listado que obra no expediente, ascendendo a un total de seiscientos dezaoto mil cincocentos trinta e sete euros con once céntimos (618.537,11 €), para os efectos de dar aos mesmos a oportuna aplicación con cargo ao orzamento do exercicio 2020; previo levantamento do reparo formulado para o efecto pola intervención municipal".*





Dase conta, así mesmo, do ditame favorable á proposta da alcaldía, emitido en data 27.01.2020 pola Comisión Informativa Única.

Intervencións:

Sr. Abalo Costa: expón a moción.

Sra. Vizoso Marcos: expón que chama a atención algunhas das facturas coma a factura da edificación en Granxa da Rúa, actuacións teatrais e das festas do cristo e pregunta se estas facturas están incorporadas ao informe que lles pasou a alcaldía recentemente. Comenta que sorprenden tamén o nome de determinadas empresas nas facturas presentadas.

Sr. alcalde: expón que o recoñecemento extraxudicial é menor e comenta que as facturas presentadas no informe xa están recollidas e quedaban pendentes unha factura da SGAE e de Portos e no tocante ás actuacións teatrais, expón que nos orzamentos prorrogados existe unha cantidade para a rede de teatros que ao longo do ano pode ser obxecto de minoración e impiden a existencia de crédito na partida. Finalmente expón que o da Granxa da Rúa se debeu á imposibilidade de levar a cabo as actuacións en decembro como consecuencia do mal tempo.

Sra. Giráldez Santos: cuestiona a necesidade de determinados gastos por ser realizados sen crédito e por iso vanse abster coa advertencia de non consensuar certos gastos podería mudar o sentido do voto.

Sr. Millán Blanco: expón que a situación presentada é grave, xa que de entrada xa se está a condicionar o orzamento do 2020 e cita determinados parágrafos do informe de intervención. Expón que o 75% do gasto están sen crédito e non son por extemporaniedade e lembra a insuficiencia de atender os gastos de enerxía eléctrica.

Sra. Portas Mariño: expón que respecto do consorcio comenta que se deixaron determinadas facturas do consorcio no 2017-2018 que se pagan no 2019 e por iso esa falta de crédito.

Sr. Abalo Costa: anticipa que os resultados económicos do 2019 serán bos e que usan os informes do interventor de xeito partidista e comenta que existen determinadas facturas que viñan do equipo de goberno anterior e lembra certos recoñecementos extraxudiciais levados a cabo polo Partido Popular con carácter clientelar.

Sr. Millán Blanco: lembra que o 75% do importe e por falta de consignación e iso vén derivado da falta de aprobación dos orzamentos nos últimos dous anos e comenta a reiteración en gastos que non son contratos menores e comenta que ante os números e ante os reparos de intervención votarán en contra.

Sr. alcalde: expón que proximamente convocarán aos diferentes grupos para buscar un consenso cos orzamentos e que proximamente se farán públicos os datos do orzamento 2019.

VOTACIÓN E ACORDO

A favor: 8 (4 concelleiros/concelleiras de ACE e 4 concelleiros/concelleiras do PSOE).

En contra: 7 (concelleiros/concelleiras do PP).





Abstencións: 6 (3 concelleiros/concelleiras do BNG e 3 concelleiros/concelleiras de AVANTE).

Polo tanto, o Concello Pleno da Corporación, por maioría dos seus membros presentes, acorda aprobar integramente a proposta da alcaldía transcrita anteriormente.

Expediente 331/2020. Proposta da alcaldía s/nomeamento do Centro de Saúde "Doutor Pereiro Francés"

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 18, En contra: 0, Abstencións: 3, Ausentes: 0

Dase conta da proposta da alcaldía de data 16.01.2020, referente ó nomeamento do Centro de Saúde "Doutor Pereiro Francés", que é como segue:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA

Xosé Manuel Pazos Varela, na súa condición de Alcalde de Cangas proponlle ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

D. Xosé Pereiro Francés foi un pediatra que desenvolveu practicamente todo o seu labor na medicina coa poboación do noso municipio, atendendo a varias xeracións de canguesas e cangueses, sempre desde a profesionalidade, a afabilidade e a bonhomía.

Precisamente por iso, unha gran parte da veciñanza de Cangas (non so as múltiples persoas atendidas por él no exercicio da súa profesión, senón tamén familiares e outras) garda unha lembranza moi agarimosa de 'Pepe Pereiro' e ve con moi bos ollos esta iniciativa municipal que parte da alcaldía procedementalmente, mais que desexaría ver asumida e respaldada por todos os Grupos como proposta conxunta.

Polo tanto, os puntos que se someten a votación son:

PRIMEIRO: O Pleno da Corporación acorda iniciar o expediente para nomear o Centro de Saúde de Cangas como Centro de Saúde Doutor Pereiro Francés.

SEGUNDO: O Concello de Cangas dirixirase ao Sergas ou ao organismo acaído da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia, para informar da iniciativa e solicitar os pertinentes permisos, se estes fosen necesarios".

Dase conta, así mesmo, do ditame favorable á proposta da alcaldía, emitido en data 27.01.2020 pola Comisión Informativa Única.

Intervencións:

Sr. alcalde: expón a proposta.

Sra. Verde Curra: expón que xa que na proposta se fala da vontade de determinados colectivos considera que deberían reflexarse esas solicitudes.

Sra. Giráldez Santos: lembra a figura do doutor se ben considera que preferiría que lle





gustaría que esta proposta fose conxunta e non de alcaldía.

Sr. alcalde: sinala que xa se comentou nunha xunta de portavoces e a proposta de alcaldía era o procedemento máis rápido.

Sr. Jiménez Fernández: expón que apoiarán a apertura do expediente e solicita que por parte do instrutor se siga o establecido no regulamento.

VOTACIÓN E ACORDO

A favor: 18 (7 concelleiros/concelleiras do PP, 4 concelleiros/concelleiras de ACE, 4 concelleiros/concelleiras do PSOE e 3 concelleiros/concelleiras do BNG).

Abstencións: 3 (concelleiros/concelleiras de AVANTE).

Polo tanto, o Concello Pleno da Corporación, por maioría dos seus membros presentes, acorda aprobar integramente a proposta da alcaldía transcrita anteriormente.

Expediente 408/2020. Proposta da alcaldía s/implantación do sistema de video-acta

Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
------------------	---

Dase conta da proposta da alcaldía de data 22.01.2020, referente á implantación do sistema de vídeo-acta, que é como segue:

"PROPOSTA DE ALCALDÍA

En pleno século XXI, a sociedade demanda cada vez máis transparencia por parte das administracións públicas.

Os esforzos que se están a realizar en canto ás inversións TIC no sector público, son claves para lograr unha ampla participación pública na toma de decisións, na mellora do acceso á información e na eliminación de barreiras para o servizo.

O Concello de Cangas atópase inmerso nun proceso de modernización da administración, co obxecto de mellorar a eficiencia e a calidade dos servizos que presta aos cidadáns.

Co ánimo de mellorar a relación coa cidadanía e continuando coas medidas adoptadas en materia de transparencia da organización municipal, decídese implementar un sistema de video-acta, que facilitaría á cidadanía o acceso permanente á información pública dos procesos administrativos, contribuíndo deste xeito a fortalecer os principios de bo goberno e goberno aberto, fomentando a transparencia, participación e a colaboración cidadá, co fin de poder avaliar a xestión do seu concello.

O vídeo-acta é un sistema de xestión de actas municipais que permite a elaboración das actas dos plenos de maneira case instantánea. O sistema combina a gravación en vídeo dos plenos municipais co documento electrónico que contén a orde do día do pleno, todo asinado electronicamente con certificado dixital ou DNI electrónico do secretario da entidade local,





que dará fe legal do acto.

Unha vez que se dispón da gravación, cunha sencilla interfaz de usuario o sistema permite marcar os momentos da gravación onde comeza cada punto da orde do día do pleno, permitindo a xeración automática da vídeo-acta e a integración entre o vídeo do pleno e o documento 'acta sucinta' deste.

Coa implementación deste sistema son múltiples os beneficios que se obteñen, entre os que podemos citar:

- a) Simplificación administrativa: as actas xenéranse de maneira automática.*
- b) Modernización administrativa: introdución do uso da sinatura electrónica en actas oficiais.*
- c) Transparencia: máxima difusión da vida institucional da entidade local, con retransmisións tanto en directo como en diferido.*
- d) Eficiencia: tanto os empregados municipais como os cidadáns disporán dun proceso optimizado de búsqueda de actas.*

Trátase de implementar unha solución de software-hardware que comprenda todos os elementos necesarios dos que carece o Concello de Cangas, que permita a integración de documentos audiovisuais, documentos en formato electrónico e sinatura dixital e/ou DNI electrónico para a substitución do actual sistema en papel das actas dos plenos municipais, permitindo por outro lado a publicación en internet das actas, de maneira selectiva, así como, en aberto dos plenos municipais.

Tamén desde o plano normativo, hai que destacar o artigo 147.1 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF), que dispón que: 'a tramitación administrativa deberá desenvolverse por procedementos de economía, eficacia e coordinación que estimulen o dilixente funcionamento da organización das entidades locais'.

O artigo 103 da Constitución afirma que: 'a administración pública serve con obxectividade os intereses xerais e actúa de acordo cos principios de eficacia, xerarquía, descentralización, desconcentración e coordinación, con sometemento pleno á lei e ao dereito'.

Polo tanto, a disposición recollida no ROF, en realidade, responde á aplicación do principio de eficacia das administracións públicas, que o mencionado artigo 103 enumera como primeiro principio de actuación destas.

A eficacia consistente na consecución dos fins de interese xeral, actúa como principio esencial para a actuación administrativa buscando a calidade dos servizos e a boa xestión económica. Busca que a administración pública cumpra os obxectivos fixados nos servizos prestados á cidadanía. Pero debe ir máis alá do mero cumprimento, tendendo a uns índices de calidade óptimos.

O principio de eficiencia, que completa ó de eficacia, atende á optimización no uso dos recursos materiais e humanos para a consecución dos fins presentados e a mellora da calidade dos servizos, condicionando a toma de decisións para lograr maiores logros a menores custos.





O propio ROM municipal establece esta necesidade de avance ao sinalar no seu artigo 35.3, o seguinte:

‘3. Serán públicas as sesións do Pleno. Malia isto, poderá ser secreto o debate e a votación daqueles asuntos que poidan afectar ao dereito fundamental dos/das cidadáns/cidadás a que se refire o artigo 18.1 da Constitución Española, cando así se acorde por maioría absoluta. Para ampliar a difusión do desenvolvemento das sesións poderán instalarse os sistemas e os recursos técnicos necesarios que puideran aplicarse para tal finalidade. Sempre que os medios persoais e técnicos o permitan, e cando sexa posible, o concello poderá incluír as gravacións de sesións plenarias na súa páxina web. Así mesmo, as sesións plenarias poderán ser gravadas e difundidas polos/polos concelleiros/concelleiras e polo público asistente, sendo da súa exclusiva responsabilidade o tratamento desa divulgación’.

En consecuencia, debemos preguntarnos qué é máis eficaz, o actual sistema de actas de elaboración en soporte papel, que implica na actualidade unha alta dedicación dos nosos recursos humanos e de tempo para obter como resultado a transcripción literal da acta a partir da gravación do audio dunha sesión, ou outro sistema baseado na gravación de audio e imaxe que, convertida en vídeo-acta, libere parte deses recursos e tempo co fin de poder atender outras necesidades non menos importantes.

Polo tanto, o sistema de vídeo-acta reforza claramente este principio constitucional, aforra tempo e recursos para atender novas necesidades ou complementar outras existentes sen necesidade de incrementar a dotación de persoal, por este motivo. En canto a publicidade das sesións, o carácter público das sesións do Pleno establécese no artigo 70.1 LBRL, precepto que é reiterado nos artigos 88.1 e 227 do ROF e 35 do ROM.

A publicidade das sesións supón que calquera persoa pode asistir e presenciar o debate e votación, coa excepción de que se poida acordar o carácter secreto do debate e votación daqueles asuntos que poidan afectar ao dereito fundamental dos cidadáns a que se refire o artigo 18.1 CE, isto é, ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe.

Esta publicidade debe ser real e efectiva polo que o artigo 88.2 do ROF establece que, para ampliar a difusión auditiva ou visual do desenvolvemento das sesións do Pleno, poderán instalarse sistemas de megafonía ou circuítos pechados de televisión.

Hoxe en día, esta limitada previsión dos medios que se poden empregar para facilitar ou favorecer a difusión das sesións debe ser ampliada a outros recursos, como o que agora nos ocupa e que sexa a propia corporación quen estableza un sistema de gravación de imaxes e son aberto e universal para todas as persoas interesadas, como medio para dar resposta á opinión pública, recoñecida a súa vez, no artigo 20.1 d) da CE, isto é, o dereito a comunicar e recibir libremente información veraz por calquera medio de difusión, en definitiva, que calquera cidadán ou cidadá poida coñecer pormenorizadamente o que sucede nos plenos sen que a información quede restrinxida a quen sexan xornalistas.

Polo tanto, gravar e difundir os asuntos municipais é unha competencia e unha responsabilidade do Concello para facer cumprir o disposto no artigo 222.2 do ROF, en orde a dar publicidade do contido das sesións plenarias e de todos os acordos do Pleno, así como das resolucións do Alcalde.

En congruencia con esta regulación, difundir información a través da rede ou calquera medio de difusión para que, calquera cidadán ou cidadá, poida coñecer de primeira man os temas





que se tratan no seu municipio é plenamente conforme co disposto no artigo 20.2.d) CE, que recoñece o dereito a comunicar e recibir información veraz por calquera medio de difusión.

Tampouco debemos perder de vista que esta iniciativa supón un avance potencial da participación cidadá no noso Concello.

O funcionamento do sistema de vídeo-acta presenta as seguintes características:

De cada sesión que realice o Pleno do Concello de Cangas, levantarase unha acta escrita sucinta que conterà:

- 1.- O nome e apelidos do/da alcalde/alcaldesa, dos concelleiros/concelleiras presentes e ausentes, do secretario/secretaria ou de quen legalmente o substitúa e do interventor/interventora cando asista.*
- 2.- O lugar da reunión, co nome do municipio e do local en que ten lugar.*
- 3.- O día, mes e ano.*
- 4.- A hora en que principia.*
- 5.- O carácter ordinario ou extraordinario da sesión e se é en primeira ou segunda convocatoria.*
- 6.- A orde do día.*
- 7.- A parte dispositiva dos acordos que se adopten e as votacións adoptadas.*
- 8.- A hora en que se pecha a sesión.*

Esta acta se complementará coa gravación en vídeo das imaxes e do audio das sesións do Pleno de xeito íntegra de principio a fin, de modo que as intervencións dos concelleiros e concelleiras serán integramente recollidas en soporte videográfico, que terá a consideración de vídeo-acta, identificando hora, minuto e segundo en que se produza a gravación.

Posteriormente as imaxes e o audio gravados serán obxecto dunha edición co obxecto de facilitar o seu visionado ou seguemento das intervencións producidas e dos acordos adoptados, intercalando a orde do día, o resultado das votacións e os acordos adoptados. O resultado da edición destas gravacións estará dispoñible nunha web habilitada para o efecto.

Antes de ser subida á rede o secretario/secretaria municipal e o alcalde/alcaldesa-presidente/presidenta han de asinar, mediante certificado electrónico, o documento gráfico con todos os documentos anexos que formen parte do expediente da sesión.

Así mesmo, co fin de garantir a integridade das gravacións, ademáis da sinatura electrónica de todos os documentos, adoptaranse todas as medidas e especificidades técnicas contempladas no propio software do sistema de vídeo-acta.

Deste xeito, faise innecesario proceder á transcripción do audio que se grava, ao quedar unido á súa imaxe ao que cada concelleiro ou concelleira diga.





En consecuencia, o libro de actas do Pleno formarase pola agregación das actas das sesións en formato papel e o vídeo-acta da sesión, na forma antes descrita.

O vídeo-acta arquivarase no servidor do Concello cunha copia de seguridade que permanecerá na secretaría municipal e nun servidor web que servirá para a súa consulta pola cidadanía.

Así, á vista do exposto, tendo en conta o disposto no artigo 199 do ROF e sen prexuízo da súa futura regulación mediante ordenanza ou no propio regulamento orgánico municipal do Concello de Cangas se somete ao Pleno, para a súa aprobación, a seguinte proposta de ACORDO:

PRIMEIRO.- Implantar o sistema de vídeo-acta no Concello de Cangas para a gravación das sesións plenarias axustando o seu funcionamento ó procedemento sinalado anteriormente.

SEGUNDO.- Publicar anuncio do presente acordo no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

TERCEIRO.- Dar traslado do presente acordo aos departamentos municipais e órganos competentes".

Dase conta, así mesmo, do ditame favorable á proposta da alcaldía, emitido en data 27.01.2020 pola Comisión Informativa Única.

Intervencións:

Sra. Portas Mariño: expón a moción.

Sra. Vizoso Marcos: expón que se trata dun exercicio de transparencia e pregunta se é preciso publicar o acordo e pregunta polo procedemento.

Sr. alcalde: expón que si que é necesario dado que afecta a un conxunto amplo de interesados.

Sra. Giráldez Santos: expón que apoiarán o acordo xa que favorecerá a laboura do secretario e a transparencia municipal e espera que as actitudes dos concelleiros mellore coa grabación en vídeo.

Sr. Jiménez Fernández: expón que apoiarán a iniciativa dado que mellorará a transparencia e solicita que se mellore esa transparencia na páxina web tanto en actas como en ordenanzas.

Sra. Portas Mariño: expón que cando chegou ao Concello se atopou cunha situación no tocante a páxina web que ningún técnico é incapaz de implementar ou modificar e se pasan unhas facturas desa web que non podemos controlar, por iso se vai a implementar unha nova páxina web. No tocante ao procedemento comenta que non é só un procedemento legal senón que implica unha esixencia técnica.

Sr. Hermelo Álvarez: expón que é certo que quedou pendente no mandato anterior a protección de datos e recoñecen o bo traballo feito, no tocante a páxina web considera que non resulta complicada a súa aplicación, se ben lembra que é preciso ter unha área específica que se dedique a ela.





Sr. Jiménez Fernández: sinala que o seu grupo de goberno xa estaba na anterior lexislatura e lembra que a transparencia non só é unha páxina web senón contestar as preguntas dos diferentes grupos municipais.

Sra. Portas Mariño: sinala que a antiga páxina web non estaba nun dominio do Concello e que resultaba inviable a súa aplicación, finalmente sinala que ás veces xa se dá resposta na prensa non é preciso facelo por escrito.

VOTACIÓN E ACORDO: o Concello Pleno, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente.

Expediente 7188/2019. Proposta da alcaldía s/escrito da Autoridade Portuaria de Vigo para renovación do convenio de Massó

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 14, En contra: 0, Abstencións: 7, Ausentes: 0

Dase conta da proposta da alcaldía de data 20.01.2020, referente ó escrito da Autoridade Portuaria de Vigo para a renovación do convenio de Massó, que é como segue:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE O ESCRITO DA AUTORIDADE PORTUARIA DE VIGO PROPOÑENDO A RENOVACIÓN DO CONVENIO DE MASSÓ

Recibiuse neste Concello escrito da Autoridade Portuaria de Vigo, con rexistro de saída n.º 5887 e de data 26 de novembro, sobre a renovación do convenio entre o Concello de Cangas e a Autoridade Portuaria de Vigo para o mantemento e conservación do paseo marítimo do do Salgueirón, no que se fai constar que todos os convenios vixentes subscritos por calquera Administración Pública ou calquera dos seus organismos ou entidades vencelladas ou dependentes deberán adaptarse ao aquí previsto no prazo de tres anos dende a entrada en vigor desta Lei. En concreto da Disposición Adicional Oitava da Lei 40/2015.

De conformidade co anterior todos os convenios que non se adapten ao referido prazo finalizarán automaticamente en Outubro de 2019.

A APV amosa o seu interese en renovar dito convenio, propoñendo incluso un borrador para a renovación do mesmo e onde se recollen medidas como asumir de agora en diante os gastos de mantemento a cambio de dúas condicións inasumibles para o Concello, como son que non se lle facture o IBI correspondente e que sexa a institución municipal quen poña a punto antes o estado de conservación do paseo. Todo iso esquecendo a promesa da APV e do propio Ministerio de Fomento, cando gobernaba o PP, de ceder eses máis de 30.000 m2 de terreo de dominio público ao pobo de Cangas.

En consecuencia, propónse ao Pleno adoptar os seguintes acordos:

1º.- Rexeitar a renovación ou sinatura de calquera convenio desta natureza coa APV por resultar absolutamente lesivo, porque os terreos non están neste momento desafectados como para pretender cargar nas arcas municipais o que son obrigas doutra institución.

2º.- Denunciar publicamente o incumprimento da promesa da Apv/Pp da cesión dos máis de 30.000 m2 de dominio público e aclarar que calquera compromiso de conservación e mantemento dese espazo debe pasar pola previa cesión comprometida no seu día.





3º.- *Rexeitar o intento de perxudicar ao pobo de Cangas, privando ao Concello duns ingresos que lexitimamente lle corresponden a través da facturación do IBI.*

4º.- *Reclamar da Autoridade Portuaria de Vigo que tramite con carácter urxente a Delimitación de Espazos e Usos Portuarios para que se retome, tanto a declaración de innecesariedade como a desafectación do dominio público marítimo-terrestre, que permita a posterior cesión gratuita ao Concello de Cangas deses terreos".*

Dase conta, así mesmo, do ditame favorable á proposta da alcaldía, emitido en data 27.01.2020 pola Comisión Informativa Única.

Intervencións:

Sr. Jimenez Fernández: expón a moción.

Sra. Verde Curra: sinala que apoiarán a moción xa que a proposta da autoridade portuaria non é xusta para o pobo de Cangas e considera que hai que abrir un debate sobre determinadas zonas e usos dos que e todavía e competente a autoridade portuaria.

Sra. Giráldez Santos: expón que o tema da titularidade da autoridade portuaria e un tema recorrente no Concello de Cangas. Considera que o grave e que eses terreos son públicos do Concello de Cangas.

Sr. Sotelo Villar: expón que traer a renovación do convenio que xa está rematado en outubro de 2019 resulta discutible senón e por razóns de publicidade. Comenta que en todo caso cando se asinou había un compromiso claro de acadar determinadas actuacións e espera que se traigan tamén outros convenios que se están a asinar.

Sr. alcalde: expón que existía unha promesa de reversión pero o Sr. López Veiga negou esa reversión e que o que se presenta é unha proposta de convenio por parte de Portos e que evidentemente non van manter algo que non é do Concello de Cangas.

Sr. Abalo Costa: expón que foi o Sr. Sotelo quen asinou o convenio e que se antes o Partido Popular falaba de transparencia, é fundamental que se lle dea publicidade e lembra que incluso se chegou a facer unha taxación dos terreos.

Sr. Sotelo Villar: expón que se considera orgulloso de asinar un convenio que iniciou os trámites para revertir eses terreos e sinala que non fai falta rexeitar o convenio que xa se atopa finalizado.

Sr. alcalde: sinala que o presidente é responsable da Autoridade Portuaria de Vigo e o Sr. López Veiga e lembra que as autoridades portuarias as nomea o goberno autonómico e que esta non é unha cuestión de goberno amigo ou enemigo e adianta que xa se iniciaron contactos co Ministerio de Fomento para revertir os terreos da Alameda Nova e as naves de Ojea.

VOTACIÓN E ACORDO

A favor: 14 (4 concelleiros/concelleiras de ACE, 4 concelleiros/concelleiras do PSOE, 3 concelleiros/concelleiras do BNG e 3 concelleiros/concelleiras de AVANTE).

Abstencións: 7 (concelleiros/concelleiras do PP).





Concello de Cangas

Polo tanto, o Concello Pleno da Corporación, por maioría dos seus membros presentes, acorda aprobar integramente a proposta da alcaldía transcrita anteriormente.

ACTA DO PLENO

Número: 2020-0002 Data: 21/04/2020



Cod. Validación: APZWP9TK2RDCM4RZYFSAJNM | Corrección: <https://cangas.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 16 a 35

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Expediente 457/2020. Moción conxunta situación sanidade

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 14, En contra: 7, Abstencións: 0, Ausentes: 0

Dase conta da moción conxunta de data 22.01.2020, referente á situación da sanidade, que é como segue:

"Proposta do Sr. Alcalde Presidente do Concello de Cangas para o seu debate en Pleno

A corporación municipal do Concello de Cangas está preocupada pola situación e perspectivas da sanidade pública tanto do noso Concello como da área de saúde á que pertencemos, como consecuencia da política sanitaria da Xunta de Galicia, presidida por Feijoo, baseada nos recortes de recursos, o desmantelamento de hospitais comarcais, o abandono dos Centros de Atención Primaria, a ocultación e manipulación das listas de espera, a precarización e explotación do persoal e a privatización, esta levando a sanidade pública a un punto de difícil retorno se non a paramos entre todos.

As protestas dos Centros de Saúde, o levantamento da poboación de Verín contra o peche do paritorio do seu hospital, as protestas de país e poboación contra a falta de pediatras, son algunhas das manifestacións do malestar cidadán fronte a esta crise sanitaria.

Cremos que estamos ante un momento importante para a nosa vila, na que a Corporación Municipal, e como representantes do conxunto da cidadanía, e indistintamente da forza política á que pertencen os seus membros, deberíamos traballar conxuntamente para que na comarca do Morrazo se poida dispor e acceder a uns servizos sanitarios públicos de calidade. Non se pode nin se debe admitir o deterioro do noso sistema polos recortes e privatizacións do sistema sanitario público. Os municipios da área de saúde da comarca do Morrazo, necesitan uns servizos públicos de sanidade acordes co desenvolvemento social, cultural e democrático dos tempos actuais.

POR TODO O EXPOSTO, A CORPORACIÓN MUNICIPAL DE CANGAS ACORDA:

PRIMEIRO.- Demandar ao goberno galego a adecuación dos orzamentos da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde ás necesidades reais dos nosos Centros de Saúde e dotalos do persoal necesario para garantir una atención accesible e de calidade.

SEGUNDO.- Esixir o cese da política de desmantelamento e peche de servizos nos hospitais da nosa área.

TERCEIRO.- Revisar os concertos cos hospitais e clínicas privadas e eliminar aqueles que non sexan necesarios, tal como dispón a Lei Xeral de Sanidade.

CUARTO.- Redución drástica das listas de espera e tempos de demora das consultas de atención especializada, probas diagnósticas, cirurxia e procedementos terapéuticos. Publicar as listas de espera ocultas e acabar coa manipulación destas.

SEXTO.- Paliar a carencia de recursos públicos sociosanitarios da área sanitaria, actualmente moi insuficientes, dadas as características de idade da nosa poboación.

SÉTIMO.- Acabar coa política de privatizacións de recursos e de derivar pacientes as clínicas privadas de xeito innecesario.





OITAVO.- Acabar coa política de persoal dos servizos de saúde baseada na precariedade e na explotación laboral.

NOVENO.- Comunicar a presente proposta da alcaldía e da Corporación Municipal de Cangas á Consellaría de Sanidade, ao conxunto da poboación e dar, cos medios posibles para o Concello, a máxima difusión ao seu contido".

Dase conta, así mesmo, do ditame favorable á moción conxunta, emitido en data 27.01.2020 pola Comisión Informativa Única.

Intervencións:

Sra. Portas Mariño: expón a moción.

Sr. Hermelo Álvarez: sinala que apoiarán a moción.

Sra. Rial Pardo: expón que apoiarán a moción xa que o Partido Popular está a dismantelar a sanidade pública.

Sr. Sotelo Villar: expón que esta moción resulta oportunista nunha materia tan sensible como a sanidade pero solicita que se fundamenten en datos presentando unha serie de cifras e datos (cumprimento de ratios, cifras orzamentarias, redución de listas de espera, incremento importes para concertos...) que rebaten o sinalado na moción.

Sra. Portas Mariño: sinala que foi unha moción inicialmente presentada polas plataformas en defensa da sanidade e lembra que a ratio de pediatría non está cuberta en Cangas e que a existencia dun pediatra de tarde permitiría conciliar a vida laboral e familiar e comenta a carencia de profesionais da medicina.

Sr. Hermelo Álvarez: expón que o Sr. Sotelo Villar ten os datos desactualizados en canto ao número de nenos/nenas e considera que non se pode xustificar a situación de Cangas falando da mala situación de Moaña.

Sra. Rial Pardo: expón que os datos presentados polo Sr. Sotelo Villar non son certos xa que directamente non se meten na lista de espera senón que piden que chamen posteriormente.

Sr. Sotelo Villar: explica que considera que Cangas cumpre cos ratios pero non ten os profesionais nas horas que todos esiximos e que en todo caso os datos están aí cunha sanidade galega cen por cen públicas.

VOTACIÓN E ACORDO

A favor: 14 (4 concelleiros/concelleiras de ACE, 4 concelleiros/concelleiras do PSOE, 3 concelleiros/concelleiras do BNG e 3 concelleiros/concelleiras de AVANTE).

En contra: 7 (concelleiros/concelleiras do PP).

Polo tanto, o Concello Pleno da Corporación, por maioría dos seus membros presentes, acorda aprobar integramente a moción conxunta transcrita anteriormente.

Expediente 310/2019. Proposta da concelleira de servizos sociais s/declaración de interese social a actividade de comedor social





Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
<p>Dase conta de proposta de data 22.01.2020 da concelleira de servizos sociais, referente a declaración de interese social a actividade de comedor social, que é como segue:</p> <p><i>"A 'Asociación de Caridade Santiago Apóstolo' leva prestando, durante xa máis de 10 anos, unha importante laboura a prol da xente máis necesitada, por medio do comedor social que atende a máis de 100 familias de Cangas, Bueu e Moaña.</i></p> <p><i>O compromiso do Concello de Cangas coa asociación e cos servizos que presta, deu lugar resulta inequívoco e fruto da situación e a adopción dunha moción en data 25 de xaneiro de 2019, pola que se acordaba o seguinte:</i></p> <ul style="list-style-type: none"><i>• O Pleno da corporación insta ao goberno municipal a acadar un acordo (cesión, aluguer, aluguer con opción a compra, compra,...) co fondo propietario do baixo onde a día de hoxe presta os servizos o comedor social, para garantir a súa continuidade no tempo.</i><i>• O Pleno da corporación insta a crear unha mesa con presenza de todas as partes, política, responsables do comedor social e propietarios do baixo, para coñecer o estado legal actual no que se atopa este e ver as solucións posibles.</i><i>• O Pleno da corporación solicita unha xuntanza coa Deputación de Pontevedra e Xunta de Galicia, para acadar financiamento para garantir a continuidade do comedor social.</i><i>• Dar traslado ás alcaldías de Bueu e Moaña, solicitando o apoio a esta moción.</i><i>• Dar traslado á Presidencia da Xunta de Galicia e da Deputación de Pontevedra, así como a todos os grupos con representación en ditos órganos deste acordo'.</i> <p><i>Transcorrido xa un ano desde a anterior iniciativa, cómpre refrendar o compromiso adquirido recoñecendo que a laboura efectuada pola asociación ten un importante interese social para os cidadáns e as institucións canguesas.</i></p> <p><i>E por iso que propono ao Pleno Municipal a adopción do seguinte:</i></p> <p>ACORDO</p> <p><i>PRIMEIRO.- Declarar de interese social a actividade de comedor social que se está a levar a cabo no local sito en Rúa Lisboa nº X de Cangas, de propiedade privada, pola 'Asociación de Caridade Santiago Apostolo'.</i></p> <p><i>SEGUNDO.- Trasladar o presente acordo a devandita asociación".</i></p> <p>Dase conta, así mesmo, do informe favorable emitido ao respecto pola Comisión Informativa Única en data 27.01.2020.</p> <p><u>Intervencións:</u></p> <p>Sra. Portas Mariño: expón a moción.</p> <p>Sr. Hermelo Álvarez: solicita que se aclare se o Concello ten que declarar esa actividade de</p>	





interese social ou se é a asociación a que se declare de interese social perante a Xunta.

Sr. alcalde: expón que se trata dunha cuestión debatida e que resultaba imposible declarar de interese social o local, por iso se recolle esta proposta de declaración de interese social a actividade.

Sra. Giráldez Santos: comenta que esta moción trae causa da moción de xaneiro de 2019 e descoñece as xestións que se fixeron desde 2019.

Sr. alcalde: expón que houbo un contacto permanente coa asociación de xeito que cada vez que precisaban do apoio do Concello este era solicitado, se ben a negociación a levaban directamente co propietario do local.

Sra. De la Campa Portela: sinala a importante laboura social da asociación e considera necesario o apoio do Concello solicitado desde outubro de 2019.

Sr. alcalde: expón que a asociación se puxo en contacto coa concelleira en xaneiro de 2020 para tratar este tema.

VOTACIÓN E ACORDO

O Concello Pleno, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente.

Expediente 461/2020. Moción conxunta s/requirimento de terreos para o Centro de Saúde de Cangas e Moaña (CAR)

Favorable	Tipo de votación: Ordinaria A favor: 14, En contra: 0, Abstencións: 7, Ausentes: 0
------------------	--

Dase conta da moción conxunta de data 22.01.2020, referente ó requirimento de terreos para o Centro de Saúde de Cangas e Moaña (CAR), que é como segue:

"O Grupo ACE, PSOE, Avante e BNG presentan a seguinte moción conxunta para o seu debate e a súa aprobación, se procede, no pleno do Concello de Cangas:

MOCIÓN CONXUNTA SOBRE O REQUIRIMENTO DOS TERREOS PARA O CENTRO DE SAÚDE DE CANGAS E MOAÑA

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Tendo como recibida, comunicación por parte da Directora Xeral de Recursos Económicos do SERGAS a Sra. M.J.P.B, onde se nos solicita que confirmemos a disponibilidad dun terreo na zoa de A Rúa duns 7.000 metros cadrados para a construción dun novo centro de saúde neste concello (CIS).

E constatada a confusión deliberada nos medios de comunicación por parte da Consellería de Sanidade respecto a si un CIS ou un CAR para o Morrazo, e de culpar





ao Concello da negativa a entregarlles os terreos para a súa construción.

Consideramos que compre adoptar un acordo Plenario donde conste o seguinte:

* *Rexeitar unha cesión de 7.000 m² para a construción dun novo centro de saúde na Rúa por considerar que non procede deslocalizar ou trasladar o actual centro de saúde ubicado en Cangas -si mellorálo- e polo contrario transmitir oficialmente ao Sergas o noso compromiso como Concello a poñer a disposición ata 20.000 m², na A Rúa xa catalogados de equipamentos público-sanitarios no borrador de PXOM, sempre e cando sexa a construción dun Centro de Alta Resolución para o Morrazo e mediante o correspondente convenio donde todo quede perfectamente establecido e recollido para que non aconteza algo similar o que ocorreu co frustrado centro de saúde de Aldán-O Hío.*

- 1. O Centro de Alta Resolución, debe contar como mínimo coas especialidades das consultas máis demandadas pola veciñanza do Morrazo, en réxime de alta resolución, como son: Oftalmoloxía, Xinecoloxía e Obstetricia, Traumatoloxía, Dermatoloxía, Otorrinolaringoloxía, Cirurxía Xeral e Dixestiva, Uroloxía, Endocrinoloxía, Rehabilitación e Fisioterapia, Unidade de Saúde mental, Unidade de Drogodependencias, Reumatoloxía, Neumoioxía, Anestesia- Unidade da dor, Endoscopias dixestivas, Hemodialise, Radiodiagnóstico (con Radioloxía Convencional, Ecografía e Tac) e Laboratorio. Nel albergarase o PAC (Punto de Atención Primaria).*
- 3. Reclamar á Consellería de Sanidade que a actuación debe ter carácter supramunicipal, incluíndo necesariamente a Bueu tanto por ser unha obriga socio sanitaria como económica.*
- 4. O compromiso da construción do Centro de Saúde Aldán-O Hío.*
- 5. Solicitar unha entrevista co Presidente da Xunta para coñecer a verdadeira implicación da Xunta na mellora da sanidade pública no Morrazo.*
- 6. Dar traslado aos Concellos de Moaña e Bueu a necesidade urxente de facer un comunicado institucional por parte dos tres alcaldes a favor do CAR como infraestrutura sanitaria de vital importancia para a nosa veciñanza.*
- 7. Convocar o 'Consello municipal de saúde' para proceder a preparar e convocar as movilizacións que sexan precisas ata conquistar este obxectivo.*
- 8. Dar conta do acordo desta moción ás administracións implicadas: Xunta de Galicia, Concello de Bueu e Concello de Moaña".*

Dase conta, así mesmo, do ditame favorable á moción conxunta, emitido en data 27.01.2020 pola Comisión Informativa Única.

Intervencións:

Sra. Portas Mariño: expón a moción.





Sr. Hermelo Álvarez: matiza a figura do Consello Municipal de Saúde xa que debería asumir a función de ser a voz de diversos colectivos e grupos políticos, sen prexuízo do apoio á moción.

Sra. Rial Pardo: comenta que o BNG non quere un novo centro de saúde senón un centro de alta resolución que permita resolver os problemas da xente de Cangas en Cangas.

Sr. Fandiño Albarte: expón que dado o que se recolle nesta moción espera un voto favorable do Partido Popular e que xa están cansos da excusa do bipartito para non asumir as chapuzas como o tema de Verín.

Sr. Sotelo Villar: sinala que se está a falar da situación de Cangas que o goberno municipal non quere solucionar, lembra que foi en abril de 2018 cando se mandou o último escrito da directora xeral de recursos económicos e que se pretende contestar agora, considera que o goberno municipal está a bloquear a situación e que o Partido Popular pretende buscar unha solución. Pon en tela de xuízo a existencia dos 20 mil metros no borrador do PXOM e que está a faltar vontade política para chegar a unha solución e lembra que sendo o Sr. Pazos Varela presidente da mancomunidade non convocou a mancomunidade para tratar este tema.

Sra. Portas Mariño: lembra que se intentou unha reunión co conselleiro correspondente sen resposta ningunha pola Xunta. Lembra que o goberno quere un centro de alta resolución e considera que se a Xunta quixera facer un centro de alta resolución podería facelo xa que é de interese supramunicipal e recoméndalle ao Sr. Sotelo Villar que se lea a memoria do borrador do PXOM, non se trata de caprichos políticos como o Sr. Sotelo Villar sinala.

Sr. Sotelo Villar: sinala que dixo textualmente que capricho político é dicir que se ofrecen 20 mil metros cando no documento que ten o Partido Popular do borrador do PXOM non aparecen reflexados e insiste na vontade do Partido Popular de falar deste tema na busca dunha solución. Considera que ao goberno municipal este tema lle interesa para facer política e non para resolver os problemas reais da veciñanza e ofrece un diálogo aos restantes grupos municipais.

VOTACIÓN E ACORDO

A favor: 14 (4 concelleiros/concelleiras de ACE, 4 concelleiros/concelleiras do PSOE, 3 concelleiros/concelleiras do BNG e 3 concelleiros/concelleiras de AVANTE).

Abstencións: 7 (concelleiros/concelleiras do PP).

Polo tanto, o Concello Pleno da Corporación, por maioría dos seus membros presentes, acorda aprobar integramente a moción conxunta transcrita anteriormente.

Expediente 242/2020. Moción do grupo municipal do PP s/accesibilidade nos colexios electorais e sobre a reordenación das áreas de votación nos colexios electorais do IES de Rodeira e do CEIP Castrillón

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Dase conta da moción do grupo municipal do PP de data 13.01.2020, referente á accesibilidade nos colexios electorais e sobre a reordenación das áreas de votación nos colexios electorais do IES de Rodeira e o CEIP Castrillón, que é como segue:





"Rafael Jiménez Fernández, como voceiro do Grupo Municipal de Cangas, presenta para o seu debate e aprobación se procede polo Pleno da Corporación a seguinte moción:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Durante o 2019 foron celebradas varias citas electorais que volveron a poñer de manifesto as carencias en canto a accesibilidade se refire de varios colexios electorais de titularidade municipal do noso concello e que supoñen un novo obstáculo que teñen que superar os veciños e veciñas con discapacidade que queiran exercer lexitimamente o seu dereito ao voto.

Neste senso, o colexio electoral de Seixo (antiga escola e actual biblioteca municipal) non resulta accesible na entrada así como o local de ensaios de Cimadevila, ambos na parroquia de Darbo, o que ocasiona nalgúns ocasións que se teña que desplazar a urna, a criterio do presidente de mesa, fóra do recinto para permitir o exercicio ao dereito ó voto o que, sin dúbida, altera o normal devenir da xornada ocasionando molestias tanto para o propio votante, que non pode votar nas mesmas condicións co resto da veciñanza, así como aos membros da mesa que deben deter a votación. Convén lembrar que pode darse o caso de que resulte elexida unha persoa con discapacidade para formar parte dunha mesa electoral dun centro que non é accesible. A estes centros hai que sumar as deficiencias no colexio de Nazaret ou a reordenación a área correspondente ao colexio de Castrillón. Non parece razoable que un veciño que vive ao carón de dito centro teña que desplazarse a Rodeira para votar.

Por outra banda, convén insistir en que o noso ordenamento xurídico recolle amplamente o dereito das persoas con discapacidade a exercer o dereito de sufraxio activo así como a obriga da Administración a velar por este dereito en igualdade e cos medios que se requiran no acceso aos locais e as mesas electorais e pola súa non discriminación [art. 2 do Regulamento sobre condicións básicas para a participación das persoas con discapacidade na vida política e nos procesos electorais (RD 422/2011 do 25 de Marzo)].

Por último, sinalar que esa falta de accesibilidade nos centros de votación tamén afecta aos usuarios de ditos instalacións ao longo de todo o ano polo que a conveniencia de levar a cabo estes traballos é dobre se cabe.

Por todo o exposto anteriormente, dende o grupo municipal Partido Popular de Cangas efectuamos a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO

1. O Pleno da Corporación insta ao goberno municipal a realizar os traballos necesarios nos locais municipais que cumpren a función de colexios electorais para facelos accesibles de cara a futuras citas electorais.
2. *O Pleno da Corporación insta ao goberno municipal a que nas próximas citas electorais só se propoñan como centros de votación os locais que cumpran cos criterios de accesibilidade e que propoña a Xunta Electoral de Zona unha reordenación das áreas de votación correspondentes aos colexios electorais do IES de Rodeira e do CEIP Castrillón aplicando no posible criterios de proximidade".*

Dase conta, así mesmo, do ditame favorable á moción do grupo municipal do PP, emitido en data 27.01.2020 pola Comisión Informativa Única.





Intervencións:

Sr. Soliño Soliño: expón a moción.

Sr. alcalde: sinala que apoiarán a moción, pero sinala que chama a atención que presente esta moción cando xa existía este problema co Partido Popular no goberno e comenta que se está a traballar nesta cuestión desde hai dous meses e medio. Expón que o antigo colexio de Cima de Vila ten unha serie de dificultades, de xeito que e o edificio o que non cumpría coas condicións de accesibilidade e que tamén se vai a traballar na escola de San Roque. No ámbito dos colexios electorais xa se xestionou o cambio de colexio de Coiro e comenta a solución presentada ao INE e exposta os partidos. Comenta que no tocante a Cima de Vila sería trasladar o colexio electoral ao auditorio.

Sra. Vizoso Marcos: expón que votarán a prol da proposta e considera importante que sexan amplos os espazos no colexio electoral.

Sra. Villar Rodal: expón que tamén apoiarán a moción xa que se trata dunha moción que busca facilitar a mobilidade.

Sr. Soliño Soliño: expón que a cuestión e tomar as medidas e considera importante o comentado por Avante no tocante á amplitude dos espazos.

Sra. Portas Mariño: expón que a rampla de Cima de Vila se fará proximamente.

VOTACIÓN E ACORDO: o Concello Pleno, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar integramente a moción transcrita anteriormente.

Expediente 246/2020. Moción do grupo municipal do PP s/cesión gratuíta de terreos en favor do Concello por asuntos urbanísticos

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 18, En contra: 0, Abstencións: 3, Ausentes: 0

Dase conta da moción do grupo municipal do PP de data 13.01.2020, referente á cesión gratuíta de terreos en favor do Concello por asuntos urbanísticos, que é como segue:

"Pío Millán Blanco, en representación do Grupo Municipal do Partido Popular de Cangas, presenta a seguinte MOCION para o seu debate en pleno:

EXPOSICION DE MOTIVOS

Dende fai varias décadas, as persoas que queren solicitar unha licenza urbanística para construción dun inmovible, en ocasións, están obrigadas a realizar unha cesión gratuíta de terreo en favor do Concello de Cangas, chan necesario para os viais, espazos libres e outros.

Para realizar este procedemento o Concello de Cangas esixía que, si a cesión correspondía a unha parcela de ata 25 metros cadrados se realizaba a través dun documento elaborado polo Concello, en forma de acta ou acordo gratuíto de cesión, e si pasaba dos 25 metros cadrados se lle esixía ao solicitante da licenza que fixera a cesión a través dunha escritura pública en notaría.





Recentemente, se recibiron varias queixas sobre este asunto, xa que o Concello de Cangas modificou este criterio e esixe que todas as cesións se realicen a través de escritura notarial, co conseguínte coste e prexuízo para as persoas que necesiten deste trámite. Debemos sinalar que:

No artigo 3 do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, se contempla que a función pública de secretaría integra a fe pública e asesoramento legal preceptivo. A función de fe pública comprende entre outras, actuar como fedatario na formalización de todos os contratos, convenios e documentos análogos nos que interveña a Entidade Local. Polo que a secretaría está habilitada legalmente para certificar calquera tipo de acordo onde participe a administración local correspondente, e dito certificado ten a mesma validez que un documento notarial.

Consultados distintos documentos dos colexios de notarios e rexistradores, coinciden tamén na lexitimidade que teñen as secretarías municipais para actuar como fedatarios públicos fronte ós documentos de cesión obrigatoria e gratuíta de terreos en favor da administración local por asuntos urbanísticos. E que ditos documentos son totalmente validos para a inscrición rexistral do terreo cedido en favor do Concello.

Ante estes feitos, consideramos que o Concello de Cangas está aplicándolle as veciñas e veciños de Cangas un sobrecuste evitable.

Por todo iso, se presenta a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO

Instar ao goberno do Concello de Cangas a establecer que todos os acordos de cesión gratuíta de terreos por asuntos urbanísticos en favor do Concello, sexan outorgados a través da secretaría municipal, sen necesidade de escritura notarial".

Dase conta, así mesmo, do ditame favorable á moción do grupo municipal do PP, emitido en data 27.01.2020 pola Comisión Informativa Única.

Intervencións:

Sr. Millán Blanco: expón a moción.

Sra. Vizoso Marcos: expón que é vital ter a seguridade xurídica que abeire as actuacións tanto para o concello como para a veciñanza.

Sra. Giráldez Santos: sinala que o BNG descoñece as razóns do cambio de criterio, pero considera que é preciso establecer unha regulación e por iso solicita un informe xurídico que avale ou non a cuestión presentada.

Sr. Fandiño Alberte: expón que esta cuestión parte dunha pregunta realizada polo Sr. Soliño Soliño e a partir desa cuestión se considerou por parte dos servizos xurídicos o cambio de criterio avalado por un informe de urbanismo. Comenta que a cuestión clave é determinar a forma correcta de levar a cabo a acta administrativa e non a imposibilidade de facela ou non.

Sr. Abalo Costa: expón que isto non pode ser unha cuestión política senón que ter que ter unha fundamentación xurídica.





Sr. Millán Blanco: sinala que o único documento que consta é un documento do ano 1997 no que se establecía o criterio da acta notarial. Comenta que hai concellos no que a acta administrativa xa se está a facer, a acta administrativa loxicamente dentro da seguridade xurídica.

Sra. Vizoso Marcos: expón que cre que non é un tema político senón xurídico que debe aclarar o departamento correspondente.

Sra. Giráldez Santos: sinala que o BNG se vai abster a espera dese informe xurídico.

Sr. Fandiño Albarte: sinala que a cuestión é determinar a forma de levar a cabo ese acta administrativa e por iso é preciso requirir os informes dos servizos xurídicos.

Sr. alcalde: expón a esencialidade do acto presencial.

O Sr. Abalo Costa e o Sr. Millán Blanco: comentan un engadido ao acordo, de xeito que se engadiría ao resolvo: “**co aval xurídico dun informe de secretaría**”.

VOTACIÓN E ACORDO

A favor: 18 (7 concelleiros/concelleiras do PP, 4 concelleiros/concelleiras de ACE, 4 concelleiros/concelleiras do PSOE e 3 concelleiros/concelleiras do BNG).

Abstencións: 3 (concelleiros/concelleiras de AVANTE).

Polo tanto, o Concello Pleno da Corporación, por maioría dos seus membros presentes, acorda aprobar integramente a moción do grupo municipal do PP transcrita anteriormente.

Expediente 250/2020. Moción do grupo municipal de AVANTE s/situación xurídica do expediente dos núcleos costeiros

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 13, En contra: 0, Abstencións: 8, Ausentes: 0

Dase conta da moción do grupo municipal de AVANTE de data 13.01.2020, referente á situación xurídica do expediente dos núcleos costeiros, que é como segue:

"MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL AVANTE! - CANDIDATURA VECIÑAL, SOBRE SITUACIÓN XURÍDICA DO EXPEDIENTE DOS NÚCLEOS COSTEIROS

O grupo municipal Avante! - Candidatura Veciñal, presenta para o seu debate e aprobación se procede polo Pleno da Corporación a seguinte MOCIÓN:





Exposición de motivos:

O 23/01/2017 a A Xunta de Goberno Local (XGL) do Concello de Cangas adoptou o acordo de presentar recurso contencioso-administrativo no Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG) contra o informe negativo do Ministerio de Agricultura Pesca e Alimentación (a Dirección Xeral de Costas dependía dese ministerio) sobre a legalidade dos núcleos costeiros de: Rodeira I, Rodeira II, Santa Marta, Liméns, Areabrava, Arneles-Vilariño, Espiñeira, Francón e Menduíña.

O 24/01/2017 foi presentado o recurso e o TSXG ditou sentenza n° 00189/18 en data 24/05/2018 na que rexeita o recurso con posibilidade de recurrir en casación á Sala Terceira do Tribunal Supremo ou á Sala de Casación do TSXG. A finais de xuño de 2018, a XGLacorda presentar recurso de casación ante o Tribunal Supremo.

Desde ese momento, non se volveu a tratar ese asunto nas xuntanzas da anterior corporación (feito que podemos confirmar, dado que dúas das nosas concelleiras formaban parte dese goberno). Asumimos que o avogado do Concello presentara ese recurso, e que se atopaba pendiente de resolución.

En decembro de 2019, descubrimos pola prensa que o recurso nin sequera fora presentado (esgotando as vías de recurso por parte do Concello), e que o alcalde anunciaba unha investigación, asegurando descoñecer o tema.

Descubrimos tamén que tanto o Alcalde, Xosé Manuel Pazos Varela, como o Concelleiro de Facenda e Urbanismo na anterior lexislatura, Mariano Abalo Costa, coñeceron xa en abril de 2019 que ese recurso non fora presentado, a través dun correo electrónico enviado polo avogado do concello.

O grupo municipal de Avante! Candidatura Veciñal considera moi grave a ocultación intencionada desa información por parte dos dous responsables políticos. O Alcalde e o anterior responsable de Urbanismo, son os máximos responsables da ocultación da información ó goberno, á corporación e á veciñanza afectada.

Por estes feitos e antecedentes presentamos as seguintes propostas de acordo:

- O Pleno do Concello de Cangas reproba ao alcalde de Cangas, XOSÉ MANUEL PAZOS VARELA, por ser o responsable máximo desta irregularidade, que complica a xestión e deixa sen defensa a resolución deste expediente.*
- O Pleno do Concello de Cangas reproba ao concelleiro de Urbanismo -hoxe de Facenda-, MARIANO ABALO COSTA, por ser corresponsable da irregularidade antedita".*

Dase conta, así mesmo, do ditame favorable á moción do grupo municipal de AVANTE, emitido en data 27.01.2020 pola Comisión Informativa Única.





Intervencións:

Sra. Vizoso Marcos: expón a moción.

Sr. alcalde: expón que lle consta que o señor abogado lle dixo á Sra. Vizoso Marcos, que o alcalde era descoñecedor da cuestión e polo tanto non hai ocultamento ningún. Comenta que cando unha concellería que vostede levaba perdeu unha importante subvención non reprobou a concelleira senón que foron a Santiago a intentar solucionar a cuestión e de igual xeito cando unha concelleira tivo problemas co mercadiño non a reprobou senón que a apoiou e no mesmo xeito actuou no caso do intento de referendun. Comenta que en todo caso non entrará en votación.

Sr. Hermelo Álvarez: comenta que a diferenza foi que el asumiu a responsabilidade, non coma agora que se está a escurrir o bulto.

Sra. Giráldez Santos: comenta que se trata dunha pregunta realizada xa polo BNG e non se deu unha resposta coherente. Expón que esta reprobación non e mais cunha chamada de atención e considera que un alcalde ten que estar en todo, especialmente nos temas importantes coma este. Expón que a situación é grave dada a inseguridade que teñen os veciños e veciñas.

Sr. Soliño Soliño: expón que están de acordo coa cronoloxía exposta na moción e recordalle ao Sr. alcalde que no mes de decembro de 2019, o Sr. alcalde falaba de iniciar unha investigación para esclarecer os feitos e por iso pregunta se esa investigación se iniciou, se se determinaron os culpables, se xa rematou a investigación e se determinaron os culpables e as responsabilidades para estes.

Sr. Abalo Costa: expón que calquera que tivera interese real para coñecer o trasfondo deste problema existe unha xunta de portavoces para informarse. Sinala que se fala dunhas datas que coinciden cun cambio de goberno e se dá nunha situación na que el xa non era concelleiro de urbanismo, e indo ao fondo da cuestión, comenta que xa houbo un procedemento perante a Dirección Xeral de Costas lle tumba a situación dos núcleos costeiros e posteriormente consta un recurso tamén tumbado perante o TSXG. Expón que se no PXOM se meten a totalidade dos núcleos rurais no PXOM pode conlevar unha nulidade da totalidade dos núcleos costeiros.

Sra. Vizoso Marcos: expón que se fala de asumir responsabilidades e de ocultación de información, xa que o avogado lle traslada que tanto o Sr. Abalo Costa, coma o Sr. alcalde eran coñecedores en abril de 2019 de que ese recurso non fora presentado.

O alcalde expón que non hai ocultación intencionada xa que non estaba informado da situación e propón unha reunión entre a Sra. Vizoso Marcos, o abogado e el mesmo. Sinala que ese correo vai á alcaldía-servizo xurídico e que automaticamente vai aos servizos xurídicos.

Sra. Giráldez Santos: expón que a situación é moito mais grave, xa que considera que se toma todo a lixeira e aquí hai uns responsables políticos e o peor é a prepotencia dos indicados. Considera que esta reprobación é unha chamada de atención a unha xestión errónea sen dar resposta directa ás cuestións presentadas polo BNG en xaneiro.

Sr. Soliño Soliño: expón que cando unha persoa comete un erro hai que pedir disculpa e buscar solucións e non actuar como se actuou. Sinala que estamos ante feitos graves que prexudican a centos de veciños que non teñen a seguridade xurídica das súas vivendas e se está ante unha estafa para os veciños e que é preciso ter certa humildade.





Sra. Vizoso Marcos: expón que a humildade recoñecendo os erros existentes e pedindo perdón.

VOTACIÓN E ACORDO

A favor: 13 (7 concelleiros/concelleiras do PP, 3 concelleiros/concelleiras do BNG e 3 concelleiros/concelleiras de AVANTE).

Abstencións: 8 (4 concelleiros/concelleiras de ACE e 4 concelleiros/concelleiras do PSOE).

Polo tanto, o Concello Pleno da Corporación, por maioría dos seus membros presentes, acorda aprobar integramente a moción do grupo municipal de AVANTE transcrita anteriormente.

Expediente 353/2020. Moción do grupo municipal do PP s/núcleos costeiros de Cangas

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 15, En contra: 0, Abstencións: 6, Ausentes: 0

Dase conta da moción do grupo municipal do PP de data 15.01.2020, referente ós núcleos costeiros de Cangas, que é como segue:

"D. Rafael Soliño Costas, concelleiro do Grupo Municipal do Partido Popular, presenta para seu debate no Pleno a seguinte moción:

Ante os sucesos acontecidos, e as noticias publicadas nun medio de comunicación os días 11 e 13 de decembro, onde se descubre que o Goberno de Cangas na lexislatura pasada non recurriu o Supremo para salvar os núcleos costeiros de Cangas.

Uns días despois, o mesmo medio de comunicación, publica que tanto o Alcalde de Cangas (Sr. Pazos) e o Concelleiro de Urbanismo (naquel momento Sr. Abalo), foran informados vía mail, que non se presentara dito recurso. Feito grave, que mantiveron oculto os veciños e resto da Corporación.

Desde que se abriu a posibilidade de dar seguridade xurídica a todas aquelas vivendas do Concello de Cangas, que a día de hoxe, viven coa espada da demolición sobre elas. Vivendas que cumpren cos requisitos necesarios de antigüedad, servizos, consolidación, etc Dende o Concello de Cangas, débese por obrigación hacia os veciños, intentar darlle cobertura legal para conseguir a seguridade xurídica deses núcleos costeiros de Cangas.

Por estes motivos, propoñemos o Pleno da Corporación Municipal de Cangas a seguinte





proposta de ACORDO:

1) Que se incorpore o documento do PXOM, actualmente en fase de borrador, os 9 núcleos costeiros según a documentación presentada polo Concello de Cangas para a súa aprobación ante o Ministerio".

Dase conta, así mesmo, do ditame favorable á moción do grupo municipal do PP, emitido en data 15.01.2020 pola Comisión Informativa Única.

Intervencións:

Sr. Soliño Soliño: expón a moción.

Sra. Vizoso Marcos: pregunta ao PP que aclare exactamente en que consistiría esa incorporación ao PXOM.

Sra. Giráldez Santos: sinala que se presenta esta proposta coma unha saída ao problema dos núcleos costeiros, pero non consta un informe técnico que avale esta cuestión que xenera inseguridade.

Sr. Fandiño Alberte: expón que o problema dos núcleos costeiros está vixente desde fai moitos anos e considera que existen unha serie de requisitos legais que hai que observar e considera que se o PP considera esta a solución que presente o cumprimento dos requisitos legais esixibles.

Sr. Abalo Costa: expón que se se alguén comete unha infracción urbanística, agora hai que legalizala pero o problema é a non presentación dun recurso e por outra banda comenta que se existen núcleos que non teñen unha garantía de legalización hai que metelos co resto para obter informes favorables agás que alguén garantice eses informes favorables e polo tanto todo pasa por sentarse co equipo redactor para falar desde un punto de vista técnico e xurídico.

Sr. Soliño Soliño: expón que se a solución vai por buscar un consenso no tocante os núcleos costeiros non ten problema algúnha en modificar a proposta.

Sr. alcalde: expón unha proposta de modificación da moción de xeito que en vez da totalidade dos núcleos **“aqueles núcleos que sexan susceptibles de cumprir coa legalidade”**.

Sr. Soliño Soliño: expón os requisitos precisos dos núcleos costeiros para a súa legalización, neste caso vía PXOM.

Sr. Hermelo Álvarez: expón que segue sen entender a posición do PP, xa que a cuestión dos núcleos costeiros está xulgada e por iso considera que esta proposta resulta complexa e que o PXOM dificilmente vai arranxar e un acordo político non lle dá solución senón que se trata dunha cuestión técnica.

Sra. Giráldez Santos: expón que existe unha inseguridade que non pode ser solventada vía acordo político senón pola mesa técnica do PXOM e lembra que hai un mes se presentaron tres alternativas e non sabe se se mateñen estas.





Sr. Fandiño Alberte: expón que na súa labouira de concelleiro de urbanismo propón modificacións á proposta do Partido Popular.

Sr. Abalo Costa: lembra a existencia da acción directa da veciñanza e no tocante á redacción da proposta propón unha nova modificación.

Sr. Soliño Soliño: recorda o carácter constructivo da moción e lembra a existencia no borrador do PXOM, un núcleo costeiro Rodeira 1, nos que se reduciu a liña costeira aos 20 metros.

Sr. alcalde: expón a proposta trala modificación, quedando redactada nos seguintes termos, aceptados polo Partido Popular:

“Estudar a viabilidade de incorporar ao documento do PXOM, actualmente en fase de borrador, os núcleos costeiros ou estudar outras vías posibles á solución do problema”.

VOTACIÓN E ACORDO

A favor: 15 (7 concelleiros/concelleiras do PP, 4 concelleiros/concelleiras de ACE e 4 concelleiros/concelleiras do PSOE).

Abstencións: 6 (3 concelleiros/concelleiras do BNG e 3 concelleiros/concelleiras de AVANTE).

Polo tanto, o Concello Pleno da Corporación, por maioría dos seus membros presentes, acorda aprobar integramente a moción do grupo municipal do PP transcrita anteriormente.

Expediente 355/2020. Moción do grupo municipal do BNG s/orzamentos participativos

Desfavorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 7, En contra: 6, Abstencións: 8, Ausentes: 0

Dase conta da moción do grupo municipal do BNG de data 16.01.2020, referente ós orzamentos participativos, que é como segue:

"MOCIÓN ORZAMENTOS PARTICIPATIVOS

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento Orgánico municipal, presenta a seguinte moción para o seu debate en Pleno.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

No modelo sociopolítico propio das sociedades actuais, caracterizado en moitas ocasións pola separación e grande distancia existente entre os dirixentes políticos e a sociedade, é moi importante a constitución de espazos de diálogo e conexión entre a cidadanía e as autoridades públicas, é dicir, Democracia Participativa. Coa aplicación deste método de funcionamento que solicitamos, a veciñanza que así o desexe poderá participar na elaboración dunha parte





importante dos orzamentos do municipio, co cal a Democracia Participativa, o sentimento de pertenza colectiva e a propia vinculación co concello vense fomentadas e reforzadas.

No pasado mandato un dos puntos do acordo de goberno, a proposta do BNG, era os orzamentos participativos, punto que foi incumprido. Asumindo a parte que poida correspondernos no incumprimento, o BNG presentara daquela un posible modelo para debater e consensuar que quedou pendente en estudo por parte da concellaría correspondente sen chegar a materializarse.

Desde o BNG entendemos que a entrada da veciñanza na toma de decisións sobre o destino das inversións dunha parte do orzamento municipal (ben con fondos propios ou achegas doutras administracións) ten como principais vantaxes, desde un punto de vista práctico, a maior lexitimación das decisións tomadas finalmente polas autoridades públicas, pois os mesmos veciños e veciñas participan no destino de parte dos recursos públicos do municipio, é unha ferramenta e a través do espazo de reflexión colectiva, que garantirá a transparencia do proceso, preténdese conseguir o equilibrio socioeconómico e territorial das parroquias de xeito xusto, solidario e sostible.

- Os veciños e veciñas, a través da súa participación activa, expoñen, deciden e comunican as propostas, ao tempo que se forman e informan sobre o proceso, exercendo o control sobre o mesmo.*
- O persoal técnico asesora sobre a viabilidade legal e técnica.*
- Os/as representantes políticos electos comprométense a asumir as decisións e executalas.*

Unhas bases reguladoras servirán para establecer as regras do proceso de Orzamento Participativo en todos os seus pasos e accións anualmente, trátase, polo tanto, dun 'documento vivo' que é susceptible de ser modificado en anos vindeiros, con coordinación, valoración da viabilidade das propostas, nunha porcentaxe sometida a debate público renunciando a un reparto puramente equitativo por unha distribución o máis xusta posible reflectindo do xeito máis fiel posible a realidade sociodemográfica municipal, con ponderación e criterios correctores.

Por estes motivos, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte ACORDO:

1.- O Goberno municipal elaborará no primeiro trimestre do ano as bases dos Orzamentos Participativos do Concello de Cangas e creará un comité de xestión e coordinación así como o Consello de Participación Veciñal de Cangas para a execución e materialización do documento acadado no vindeiro exercicio económico".

Dase conta, así mesmo, do ditame favorable favorable á moción do grupo municipal do BNG,





emitido en data 27.01.2020 pola Comisión Informativa Única.

Intervencións:

Sra. Giráldez Santos: expón a moción.

Sr. Hermelo Álvarez: expón que apoiarán a proposta do BNG e se congratula do cambio de criterio do BNG respecto da lexislatura anterior.

Sr. Fandiño Alberte: lembra que o BNG tivo catro anos para facelo e non o fixeron.

Sra. Portas Mariño: sinala que se trata de orzamentos participativos para o ano 2021, non hai problema en asumir ese compromiso.

Sra. Hermelo Piñeiro: expón que xa existen espazos de diálogo xa constituídos e lembra o carácter representativo dos concelleiros. Considera que se resulta complicado elaborar un orzamento entre 11 membros ou 8 membros resulta mais difícil encaixar a outros actores coma os veciños.

Sr. alcalde: expón que o borrador dos orzamentos se trasladará a todos os grupos.

Sra. Giráldez Santos: expón que resulta falso o sinalado polo Sr. Hermelo Álvarez, xa que o BNG presentou as propostas a área correspondente e nin se debateron nin se estudaron e lembra que os orzamentos participativos, dentro das fórmulas existentes, pretenden que un tanto por cento do gasto sexa determinado polos veciños.

Sr. alcalde: expón que agradece as aportacións do BNG.

VOTACIÓN E ACORDO

A favor: 6 (3 concelleiros/concelleiras do BNG e 3 concelleiros/concelleiras de AVANTE).

En contra: 7 (concelleiros/concelleiras do PP).





Concello de Cangas

Abstencións: 8 (4 concelleiros/concelleiras de ACE e 4 concelleiros/concelleiras do PSOE).

Polo tanto, o Concello Pleno da Corporación, por maioría dos seus membros presentes, acorda non aprobar a moción do grupo municipal do BNG transcrita anteriormente.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Dación de conta de resolucións da alcaldía ditadas desde o 11 de decembro de 2019 ata o 26 de xaneiro de 2020

O Concello Pleno queda informado das resolucións da alcaldía ditadas desde o 11 de decembro de 2019 ata o 26 de xaneiro de 2020.

Dación de conta dos informes de reparo de intervención, segundo a base de execución nº 38 do orzamento municipal

O Concello Pleno queda informado da relación de informes de reparo de intervención que consta dun total de 41 documentos que se relacionan a continuación:


- Número 2019-0327 de data 02.12.2019
- Número 2019-0332 de data 02.12.2019
- Número 2019-0334 de data 02.12.2019
- Número 2019-0335 de data 02.12.2019
- Número 2019-0336 de data 02.12.2019
- Número 2019-0337 de data 02.12.2019
- Número 2019-0338 de data 02.12.2019
- Número 2019-0339 de data 02.12.2019
- Número 2019-0340 de data 02.12.2019
- Número 2019-0341 de data 02.12.2019
- Número 2019-0342 de data 02.12.2019
- Número 2019-0343 de data 02.12.2019
- Número 2019-0344 de data 02.12.2019
- Número 2019-0345 de data 04.12.2019
- Número 2019-0346 de data 05.12.2019
- Número 2019-0350 de data 09.12.2019
- Número 2019-0351 de data 09.12.2019
- Número 2019-0352 de data 09.12.2019
- Número 2019-0354 de data 11.12.2019
- Número 2019-0355 de data 11.12.2019
- Número 2019-0356 de data 12.12.2019
- Número 2019-0357 de data 12.12.2019
- Número 2019-0359 de data 12.12.2019
- Número 2019-0361 de data 13.12.2019
- Número 2019-0362 de data 13.12.2019
- Número 2019-0363 de data 13.12.2019
- Número 2019-0365 de data 16.12.2019

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850

ACTA DO PLENO

Número: 2020-0002 Data: 21/04/2020



Cod. Validación: APZW9KTK2RDCM4RZYFSAJNM | Corrección: <https://cangas.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 34 a 35



Concello de Cangas

- Número 2019-0366 de data 16.12.2019
- Número 2019-0367 de data 16.12.2019
- Número 2019-0368 de data 18.12.2019
- Número 2019-0369 de data 18.12.2019
- Número 2019-0370 de data 19.12.2019
- Número 2019-0371 de data 19.12.2019
- Número 2019-0372 de data 23.12.2019
- Número 2019-0373 de data 23.12.2019
- Número 2019-0374 de data 23.12.2019
- Número 2019-0375 de data 23.12.2019
- Número 2019-0376 de data 23.12.2019
- Número 2019-0377 de data 23.12.2019
- Número 2019-0378 de data 23.12.2019
- Número 2019-0379 de data 23.12.2019

C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

Sra. Rial Pardo: pregunta se o Concello vai poñer un autobús para a manifestación do día 9.

Sr. Sotelo Villar: pregunta polos colectores de recollida de aceite, quen os puxo e se os puxo o Concello, se existe algún expediente ao respecto.

O concelleiro da área contestará por escrito.

Sr. Soliño Soliño: pregunta polo inventario de bens.

Sr. Fandiño Alberte: responde que se entregou o inventario de bens non vieiris e falta por entregar a documentación para responder as alegacións presentadas desde o 2014.

Sra. Hermelo Piñeiro: pregunta por unhas cuestións presentadas respecto a un material entregado no punto limpo.

Sr. alcalde: resposta que o luns terá o informe.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850

ACTA DO PLENO

Número: 2020-0002 Data: 21/04/2020



Cod. Validación: APZW9KTK2RDCM4RZYFSAJNM | Corrección: <https://cangas.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 35 a 35